

MANUEL FERREIRO

UNIVERSO CANTIGAS

Manuel Ferreiro (Begonte, A Terra Chá, 1955), catedrático de Filoloxía Galega e Portuguesa na Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña, fala con modestia do seu traballo. Mais a dimensión do proxecto que dirixe, Universo Cantigas, ten un carácter tan monumental como relevante para a cultura galega: a edición crítica do conxunto da lírica medieval profana. Cun orzamento sobrio mais cunha paixón investigadora entusiasta, o primeiro volume desta ciclópea obra acaba de saír á rúa, tras máis de quince anos de traballo.

Ferreiro dirixe o equipo que leva a cabo o proxecto Universo Cantigas, que tiña como obxectivo realizar a edición crítica dixital dos textos da lírica profana galego-portuguesa, continuando o traballo iniciado co *Glosario da poesía medieval profana galego-portuguesa*. E dicimos tiña porque a propia dinámica do proxecto levou a editar tamén en papel unha edición completa das cantigas profanas. Vén de saír do prelo *Universo Cantigas I. Cantigas de Amor*, o primeiro volume dunha obra monumental que, ademais, realízase, por primeira vez, desde a Galiza. Esta primeira parte recolle as cantigas de amor medievais e, xa este mesmo ano, está prevista a edición do segundo volume, dedicado ás cantigas de amigo.

—Este volume é unha proba da grande ambición do proxecto Universo Cantigas. Case mil páxinas coas 704 cantigas de amor, acompañadas dunha paráfrase en galego actual, ademais de referencias ás fontes manuscritas e ás edicións previas existentes. O proxecto non foi pensado inicialmente para facer ningunha publicación en papel. Este é un produto lóxico despois de tantos anos de traballo, xa que non é igual

a presenza online dos datos nunha base de datos complexa que ver os poemas nun volume. Mesmo os públicos non son exactamente os mesmos. Non creo que a consulta nunha base de datos proporcione a mesma experiencia que a lectura dun libro.

—Está simplificado para achegarse ás persoas lectoras que non son especialistas.

Claro, na base de datos cada poema está acompañado da súa edición crítica, co glosario e todas as anotacións necesarias. Mais se algunha persoa sente a necesidade de ampliar a información sobre unha cantiga determinada, un código QR liga cada poema á súa edición completa na páxina web do proxecto.

Vai o texto, sinálanse as edicións previas que houbo e, a seguir, a paráfrase nun galego de hoxe por se aparece algún problema de comprensión. Esa paráfrase, aínda que a fixemos con leve ton arcaizante, procuramos que fose flexible, que se lea con gusto e facilidade.

—Cal é a relevancia deste proxecto, desde o punto de vista filolóxico? Cando se inicia un proxecto destas características nunca se sabe en que vai dar. Universo Cantigas



Entrevista MANUEL XESTOSO
Fotografía CLARA XANTHINA

comezou en 2010 e, durante os primeiros seis anos revisáronse os manuscritos, afináronse as edicións e elaborouse un glosario exhaustivo a partir duns criterios que consensuáramos previamente.

—Os que se publicaron en 2007 baixo o título *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa*.

Si, son criterios consensuados polos principais investigadores das cantigas desde 2006. Fomos escrupulosamente respectuosos con eses criterios.

Isto permitiunos elaborar unha edición completa na que existe unidade gráfica. Por poñer un exemplo, a palabra *peccado* sempre vai aparecer con esta grafía, aínda que nalgún cancionero apareza como *peccado*. Hai que ter en conta que, ademais da variabilidade ortográfica da época e as diferenzas na escrita a respecto de hoxe, os cancioneros están escritos por copistas italianos que probablemente non coñecían o galego.

E ademais serviu, por outra parte, para detectar algúns erros. Se aparece unha construción 150 veces e aparece unha variante anómala, é que algo raro pasa. Así que vas ao texto, revisalo e decátaste, en moitas ocasións, de que efectivamente hai aí un erro de lectura, de interpretación.

E claro, cando rematamos o glosario, despois de todo isto, xa eramos conscientes de que había que facer unha edición crítica formal, pedíao a propia dinámica do traballo.

—E iniciase unha edición completa que é a primeira realizada na Galiza, despois de que os estudos da lírica medieval foran liderados por italianos e portugueses.

Iso ten unha explicación: dos tres cancioneros que nos transmitiron a lírica medieval, os dous que máis cantigas conteñen son o da Vaticana e o da Biblioteca Nacional de Lisboa, antes cofecido como Colocci-Brancuti, que o Estado portugués comprou en 1924. O feito de que estes dous cancioneros estivesen en Italia fixo que os eruditos dese país iniciasen o traballo, xa no século XIX. Iso iniciou unha tradición de

"CALQUERA PERSOA, CON MAIOR OU MENOR INTERESE NA POESÍA, A TRAVÉS DA LECTURA DESTES TEXTOS, TEN QUE VER QUE VIMOS DE LONXE, E QUE POR ESA RAZÓN DEBEMOS ASPIRAR A CHEGAR LONXE"

estudo que chega até hoxe: hai que ter en conta que a escola filolóxica italiana é moi potente.

E por outro lado está Portugal. As cantigas son un tesouro que comparten Galiza e Portugal, e este ten un Estado normalizado, polo cal resulta lóxico que a grande escola filolóxica portuguesa —podemos citar, entre moitos outros, Carolina Michaëlis de Vasconcelos ou Manuel Rodrigues Lapa— se dedique ao estudo do seu patrimonio literario.

Mentres tanto, na Galiza, o estado permanente de colonización lingüística, cultural e política fixo que este fose un terreiro non digo que abandonado, pero si pobremente atendido. Até 1886 non se fixo unha publicación importante das nosas cantigas, cando Antonio de la Iglesia recolleu nun volume da *Biblioteca Gallega* moitas das cantigas editadas por Teófilo Braga na súa edición do cancionero da Vaticana.

Cotarelo Valledor, na década de 1930, editou Paio Gómez Charíño, Filgueira fixo algúns traballos, Ferrín editou Pero Meogo en 1966... Pero había outras prioridades e, en realidade, até a década de 1990, cando se alcanzou unha certa normalidade nos estudos académicos, non se comezou a traballar en serio sobre as cantigas.

—Esta edición, polo tanto, é unha especie de *nacionalización* das cantigas, un *facelaz nosas*, por primeira vez, *no seu conxunto*. O conxunto das cantigas é o noso primeiro monumento literario nacional, a primeira grande obra literaria que posuímos. Como tal debemos considerala. Xa é hora de que na Galiza se lea, se interprete, e se nacionalice ese patrimonio.

Son os nosos clásicos e temos que reivindicalos, actualízalos e interpretalos desde nós mesmos, e déxalos en heranza para as xeracións que veñen. Hai 700 anos xa escribiron nalgũa rúbrica "mandámolo escribir para que fiquen memoria no futuro". Nós somos ese futuro, e atrás de nós veñen os nosos fillos e os nosos netos, e eu quero que os meus netos tamén lean e coñezan as cantigas. E nós aspiramos a que esta edición se transforme na *Vulgata* das cantigas.

—E en que medida pode axudarnos a tomar conciencia do peso da lingua, deses mil anos que sosteñen o noso idioma? Cando se fala dos clásicos adoitamos pensar en Rosalía, en Ponal, en Curros... É de verdade, pero Mendinho, Pero Meogo ou Paio Gómez Charíño son tan nosos como os primeiros. Eles foron os grandes poetas que transmitiron unha cultura e unha lingua extraordinaria. E, en paralelo, existían outros clásicos: as *Cantigas de Santa María* ou, en prosa, a *Crónica Troiana*. Tamén son os nosos clásicos. Temos que ser conscientes de onde vivimos.

—Nese sentido, bótase de menos un maior compromiso da Administración galega, que debería ser consciente da importancia nacional que ten.

Para levar adiante unha investigación como esta precísanse moitos medios. E hai que dicir que o proxecto Universo Cantigas desde 2010 até hoxe —a quinta fase remata en agosto de 2026— foi financiado sempre polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, aínda que nestes anos pasou por diferentes denominacións. Ese é todo o financiamento público que temos, non temos detrás ningún organismo gobernal galego.

É un financiamento modesto, pero é o único que temos, e compensamos a súa sobriedade cun traballo intenso, coa paixón investigadora e o compromiso ético, porque para nós non é unha obra máis: é a nosa obra fundacional, o monumento nacional e primeiro do que falamos.

Mais debo dicir que a publicación en papel deste volume foi financiada fundamentalmente pola Deputación da Coruña ademais de pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, e isto tamén hai que facelo constar.

—Esta é unha obra na que, malia que o peso fundamental recaia sobre a Universidade da Coruña (UDC), tamén participan as outras dúas universidades galegas, o cal contribúe a acentuar ese carácter nacional da obra. Si, este é un proxecto xerado e sustentado pola UDC. Mais é un proxecto interuniversitario.

No proxecto, en conxunto e en diferentes graos, participamos oito persoas, malia que na edición do libro só aparecemos catro, que somos os máis implicados no traballo. Destes catro, dous pertencemos á UDC –Leticia Eirín e eu mesmo–, mentres que Mariña Arbor pertence á Universidade de Santiago (USC) e Bieito Arias Freixedo á de Vigo (UVigo).

Mais no proxecto participan, nun grao diferente, dous profesores máis da UDC –Xosé Ramón Freixeiro Mato e Xosé Manuel Sánchez Rei–, Alexandre Pérez Vigo que agora se separou da universidade, e un historiador, Miguel García Fernandez, que pertence ao Instituto Sarmiento

—Este é o primeiro volume, pero está previsto que o segundo saia este mesmo ano.

Si, en dous ou tres meses sairá o segundo volume, que seguramente terá aínda máis impacto ca este porque as cantigas de amigo son, sen dúbida, as máis populares e as máis comprensíbeis. A fin de contas, os trobadores falaban das mesmas cousas que nos seguen preocupando na actualidade: o amor, os afectos, a distancia...

—É que a propósito da cantiga de amor, coa que empeza esta serie, quedou un pouco instalada a idea de que era o xénero “menos galego”, que era unha imitación da lírica provenzal. Pode esta edición axudar a rebater esa idea? Si e non, sempre depende dos prexuízos que estean instalados na mente da persoa lectora. A cantiga de amor, efectivamente, está *inspirada* na cançó occitana, mentres que a cantiga de amigo non existe na lírica provenzal e a de escarnio e maldizer circula por outras vías.

Nós publicamos por xéneros porque é a tradición –non somos orixinais neste aspecto–, pero as cantigas de amor nunca foron publicadas en conxunto nun volume. Mais o importante aquí é que por primeira vez, e desde a Galiza, son aplicados criterios uniformes e unha visión global a todo o conxunto da lírica.

—E unha persoa lectora que non sexa especialista, que pode atopar nesta edición?

Probablemente, se nunca leu unha cantiga, descubrirá que pode ler o que os nosos devanceiros escribiron hai setecentos anos sen dificultades. E se algunha dificultade tiver, pode resolvela coa paráfrase ou co aparello crítico ao que se pode chegar a través do código QR.

E poderá comprobar que a tradición literaria é un *continuum* que vén de moi antigo, que se remonta ao medioevo e que chega até os nosos días. E así, comprobará que os nosos poetas medievais falaban exactamente das mesmas cuestións das que falan os de hoxe. Ás veces con palabras de onte, mais cun mesmo espírito.

Calquera persoa, con maior ou menor interese na poesía, a través da lectura destes textos, ten que ver que vimos de lonxe, e que por esa razón debemos aspirar a chegar lonxe.

A min sempre me chamou a atención, en Italia, esa sensación de densidade histórica, de conciencia de que cada un dos nós é o elo dunha cadea. Esa conciencia, que ás veces se perde, é a que permite que lle falemos en galego aos nosos fillos como os nosos pais nos falaban a nós.

—Ese peso histórico quedou, polas razóns históricas que todos coñecemos, moi depreciado. Claro, por iso é importante recuperar a conciencia de que somos fillos de Mendiño, por citar un dos autores máis coñecidos. Son os pais da nosa cultura e creo que precisamos recuperar esa conciencia.

—Agora que está de actualidade o debate sobre un novo Plan de Normalización Lingüística, isto serve tamén como argumento para defender os dereitos da nosa lingua.

Serve como armamento moral para nós mesmos, pero, nese aspecto, como se non o tivéssemos. Todas as linguas son iguais e teñen os mesmos dereitos, e o problema é que a nosa ten menos dereitos que outras. É certo que debemos ser conscientes de que temos unha lingua milenaria e unha produción literaria e cultural dunha altura excepcional. Iso, se cadra, axudaríanos a superar complexos para defender a lingua con máis

contundencia. Pero a defensa dos dereitos lingüísticos é unha defensa dos dereitos humanos.

—Vostede fixo a súa tese de doutoramento sobre Pondal e, ademais, foi unha das persoas que estudou os erros de transmisión na letra do himno e que non acaban de corrixiros. Seguimos igual nesa cuestión. Semella un capítulo máis desa guerra contra a ciencia que agora enarbora a dereita.

No fondo, con este asunto procedemos da mesma maneira que coas cantigas. Lemos, interpretamos e editamos. Eu fixen a tese sobre Pondal e xa sabía que a letra do himno tiña erros, pero en 1995, cando comezou a renovación da Real Academia Galega, apareceron moitos manuscritos de Pondal que eu puiden consultar e que constituían a proba de que a letra oficial do himno non se corresponde co que el escribiu. Teño estudado mesmo a xenealoxía deses erros.

É comprensíbel que cando se redactou e aprobou a Lei de Símbolos se cometesen erros: necesitábase un texto e botaron man do que circulaba naquela altura. Pero que pasadas varias décadas e despois de tantos estudos filolóxicos non se queiran corrixi-los erros, efectivamente, é incomprensíbel. Unha negación da realidade

—Vostede xa ten manifestado a súa decepción neste asunto, especialmente tras a Iniciativa Lexislativa Popular que chegou ao Parlamento en 2023.

Si, porque os argumentos que se manexaron son pouco defendíbeis. Queren novos informes? Desde que a restauración do himno chegou por primeira vez, en 1996, ao Parlamento galego pasaron xa 27 anos. Parece tempo suficiente para estudar unha chea de cousas. Por outra parte, fálouse de achegar novos informes e de comparecencia de persoas expertas das que até o de agora non temos noticia ningunha.

E teño que repetir máis unha vez que xa Pondal quería que se restituise a letra do himno, porque xa na súa época existían deturpacións. Eu confío en que, máis cedo que tarde, iso acabará ocorrendo, é de lóxica e de xustiza.



O catedrático Manuel Ferreiro a pasada cuarta feira na redacción de *Nós Diario*.

Manuel Ferreiro, Leticia Arbor e Bieito Arias o pasado 24 de abril na presentación de *Universo Cantigas 01. Amor*.